



RESOLUCIÓN DO 21 DE FEBREIRO DE 2023, DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA, POLA QUE SE APROBAN AS LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS Á CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E MEDIANTE OS SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA O INGRESO NA PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIXO REFERENCIADA NO ANEXO I DO DECRETO 79/2022, DO 25 DE MAIO, POLO QUE SE APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DA ADMINISTRACIÓN XERAL E DAS ENTIDADES INSTRUMENTAIS DO SECTOR PÚBLICO AUTÓNOMO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, CORRESPONDENTE AO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DERIVADO DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO, E DE PRAZAS DE PERSOAL LABORAL OBXECTO DE FUNCIONARIZACIÓN, DE CONFORMIDADE COA LEI 2/2015, DO 29 DE ABRIL, DO EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA.

No DOG do 29 de decembro de 2022 publicouse o ANUNCIO do 28 de decembro de 2022 polo que se convoca o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, dun técnico superior, licenciado en ciencias económicas (categoría 004 do grupo I), con destino na Xerencia da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Consonte á indicación do anuncio as bases do proceso de selección e os sucesivos anuncios desta convocatoria publícanse no enderezo electrónico e no taboleiro de anuncios da Axencia Galega da Calidade Alimentaria: <https://mediorural.xunta.gal/gl/conselleria/organismos-adscritos/axencia-galega-da-calidade-alimentaria/documentacion>.

O prazo de presentación de solicitudes, de 20 días hábiles, iniciouse o 16/01/2023, ás 00:00:00 horas, e rematou o 10/02/2023 ás 23:59:59. Transcorrido este prazo, de acordo coa prescrición do artigo 7 das bases, compre publicar o listado provisional de admitidos e excluídos, así como a lista de aspirantes pendentes de acreditar a posesión do título CELGA 4.

Por todo o exposto, o presidente da Axencia, no exercicio das competencias previstas no artigo 13 do Decreto 52/2018 polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos

RESOLVO:

*Primeiro: Aprobación das listas provisionais*

Aprobar e publicar as listas provisionais de aspirantes admitidos (Anexo 1) e excluídos (Anexo 2) a cubrir, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, á prazas de persoal laboral da Axencia Galega da Calidade Alimentaria identificada no Decreto 79/2022 do 25 de maio.

- (1) Técnico superior (licenciado en Ciencias Económicas)  
Xerencia da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Santiago de Compostela)  
Grupo I

*Segundo: Acreditación CELGA 4*

Anunciar que todos os aspirantes presentados acreditan estar en posesión do título CELGA 4 ou equivalente.





*Terceiro: Período de alegacións*

Abrir un período de alegacións de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do Anuncio no Diario Oficial de Galicia, para que as persoas aspirantes excluídas poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

*Cuarto: Entrada en vigor*

A presente resolución entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

*Quinto: Impugnación*

Contra esta Resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o presidente da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, nos termos previstos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, perante o órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital  
O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria  
José Luis Cabarcos Corral





**ANEXO 1: LISTADO PROVISIONAL DE ADMITIDOS**

**SISTEMA: CONCURSO OPOSICIÓN  
PRAZA: TÉCNICO SUPERIOR**

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>NIF</b>	<b>CELGA 4</b>
Castro Lodeiro	Fernando	***2694**	Si
Alonso Abraldes	Raquel	***5509**	Si





**ANEXO 2: LISTADO PROVISIONAL DE EXCLUÍDOS**

**SISTEMA: CONCURSO OPOSICIÓN  
PRAZA: TÉCNICO SUPERIOR**

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>NIF</b>	<b>CAUSA EXCLUSIÓN</b>
Juanatey Regalado	Alejandro	***5601**	Non acreditar a titulación requirida

